

Modificación de 25 de maio de 2021, da Instrución conxunta 5/2019, do 1 de marzo, da Xerencia e da Secretaría Xeral para o desenvolvemento de medidas de tratamento de datos de carácter persoal na Universidade de Vigo

Co fin de axustar a Instrución conxunta 5/2019, de 1 de marzo, para o desenvolvemento de medidas de tratamento de datos de carácter persoal na Universidade de Vigo ao diversos cambios que se teñen producido na aplicación do marco xurídico da protección de datos persoais e de acomodar o seu texto ás pretensións perseguidas con ela, as modificacións efectuadas pola Xerencia e a Secretaría Xeral son as seguintes:

1. Corrección de erros lingüísticos e de referencias

Lévanse a cabo ao longo de todo o texto correccións de erros lingüísticos e de redacción que non varían o contido esencial dos preceptos; entre eles, actualízanse as referencias aos rexistros da Universidade de Vigo para que figuren como Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro da Universidade de Vigo.

2. IV. Rexistro das actividades do tratamento (RAT)

Coa finalidade de recoller a situación real da Universidade nesta materia, o parágrafo que di:

A continuación se indican algunhas das actividades de tratamento de carácter persoal que deberán ser elaboradas polos responsables dos servizos, unidades ou estruturas organizativas sinalados.

Se cambia polo seguinte:

Sen prexuízo das anteditas revisión e actualización continuas, a relación de actividades de tratamento de datos de carácter persoal que figuran publicadas na páxina web da Universidade de Vigo son as seguintes:

Así mesmo, actualízase a listaxe de actividades de tratamento para que reflecta as efectivamente rexistradas e dispoñibles na web.

Finalmente, cámbiase a colocación do parágrafo modificado e da listaxe para que figuren antes de todas aquelas previsións dirixidas, de ser o caso, a introducir modificacións nesta relación (actividades de tratamento non comprendidas nela, actualización das vixentes e modelo de formulario).

3. XI. Identificación de persoas interesadas nas notificacións por medio de anuncios e publicación de actos administrativos

Amplíase a redacción do apartado para incluír, desenvolvido, o contido do propio apartado 1 da disposición adicional sétima da LOPDGDD, engadindo un hipervínculo á interpretación temporal feita para a súa aplicación pola Agencia Española de Protección de Datos conxuntamente coas outras tres autoridades de control autonómicas.

Así, o parágrafo que di:

O persoal da Universidade de Vigo, dentro das súas respectivas competencias, deberá ter en conta o disposto na disposición adicional sétima, apartado 1 da LOPDGDD en relación á publicación de actos administrativos ou listados de convocatorias ou outro tipo de documentación onde figuren datos de carácter persoal. Así mesmo terase en conta para notificacións por medio de anuncios.

Substitúese polos seguintes:

O persoal da Universidade de Vigo, dentro das súas respectivas competencias, deberá ter en conta o disposto no apartado 1 da adicional sétima da LOPDGDD á hora de levar a cabo algunha das seguintes actuacións:

a) Publicación de listados e, en xeral, calquera actos ou documentos administrativos onde figuren datos de carácter persoal.

*Neste caso, identificarase ás persoas afectadas co seu **nome e apelidos**, engadindo, cando sexa obrigatorio ou necesario incluír o número do documento de identidade (DNI, NIE, pasaporte ou documento equivalente), **catro cifras numéricas e ocultando o resto con asteriscos**¹.*

(En tanto non se aproben normas concretas para a aplicación desta disposición adicional seguirase o [criterio práctico establecido pola AEPD conxuntamente coas outras tres autoridades de control autonómicas](#))

b) Notificacións administrativas por medio de anuncios en cumprimento do artigo 44 da Lei 39/2015.

*Nestoutro caso, identificarase á persoa afectada **exclusivamente** mediante o **número completo do seu documento de identidade** (DNI, NIE, pasaporte ou documento equivalente).*

En ambos casos son aplicables as seguintes observación e prohibición:

- 1. Só cando unha persoa interesada carecese de documento de identidade se identificará unicamente mediante o seu nome e apelidos.*
- 2. **En ningún caso se deben publicar nome e apelidos de forma conxunta co número completo do documento de identidade.***

¹ *Así a todo, non procederá a ocultación parcial do documento de identidade naqueles documentos nos que, en virtude de normativa sectorial específica, sexa obrigado incluír o número completo.*

4. XII. Procedemento para o exercicio de dereitos

Modifícase a orde na que aparecen as distintas vías das que dispoñen as persoas interesadas para destacar e fomentar o emprego do procedemento específico implementado na sede electrónica da Universidade; e a redacción para xuntar o resto de vías nun único epígrafe, sen alterar substancialmente o seu sentido.

Así, os parágrafos que din:

A persoa interesada poderá exercer os seus dereitos polos seguintes medios:

- De forma presencial: mediante solicitude escrita dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo, coa referencia “protección de datos” asinada e presentada ante o rexistro da Universidade de

Vigo ou ante algún dos rexistros ou oficina de correos aos que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. A persoa interesada poderá utilizar o formulario dispoñible no seguinte enlace da páxina web da Universidade de Vigo, para a súa descarga:

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/3636

Ou ben dita solicitude deberá acreditar o seguinte contido:

- Nome e apelidos da persoa interesada.
 - Acreditación da identidade mediante copia do DNI, NIE ou pasaporte.
 - Documento acreditativo da representación, no seu caso.
 - Pedimento en que se concreta a solicitude e dereito a exercer.
 - Enderezo a efectos de notificacións.
 - Documentos acreditativos do pedimento que formula, no seu caso.
 - Lugar, data e sinatura do solicitante.
- De forma electrónica: mediante a solicitude do procedemento en sede electrónica da Universidade de Vigo que deberá acreditar o contido determinado na mesma e conforme aos requisitos sinalados na normativa de sede electrónica da Universidade de Vigo. <https://sede.uvigo.gal/>

Modifícanse polos seguintes:

A persoa interesada poderá exercer os seus dereitos polos seguintes medios:

- A través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/>) empregando, preferentemente, o procedemento específico SXER – Exercicio dereitos sobre protección de datos, dispoñible na categoría CIDADANÍA. Para empregar esta vía, a persoa interesada deberá contar con algún dos sistemas de identificación electrónica que dan acceso á sede electrónica e deberá acreditar o contido determinado na mesma e conforme aos requisitos sinalados na normativa de sede.
- De forma presencial nas Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro da Universidade de Vigo e a través dalgún dos rexistros ou oficinas de correos aos que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

Neste caso, a persoa interesada deberá presentar unha solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo, coa referencia “protección de datos” e debidamente asinada. A tal fin, e sen prexuízo de que poida empregar calquera outro formulario que considere oportuno, poderá utilizar o dispoñible para a súa cobertura e descarga no seguinte enlace da páxina web da Universidade de Vigo:

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/3636

En calquera caso, deberá acreditar o seguinte contido:

- Nome e apelidos da persoa interesada.
- Acreditación da identidade mediante copia do DNI, NIE ou pasaporte.
- Documento acreditativo da representación, no seu caso.
- Pedimento en que se concreta a solicitude e dereito a exercer.
- Enderezo a efectos de notificacións.
- Documentos acreditativos do pedimento que formula, no seu caso.
- Lugar, data e sinatura do solicitante.

Este cambio supón tamén a modificación dun dos parágrafos do **Anexo VIII. Información sobre protección de datos para convocatorias**, de modo que o parágrafo que di:

Devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude en sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> ou solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Se cambia por:

Os devanditos dereitos poderá exercelos a través da sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> (preferentemente a través do procedemento específico [SXER – Exercicio dereitos sobre protección de datos](#)) ou mediante solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante as Oficinas de Asistencia en Materia de Rexistro da Universidade de Vigo ou calquera dos rexistros ou oficina de correos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

5. XIII. Medidas básicas de seguridade no posto de traballo

Modifícase a redacción dunha das enumeracións do apartado “Código de usuario e contraseñais” para recomendar que, na medida do posible, se evite conservalos por escrito.

Onde di:

- *Gárdeos nun lugar seguro. Non os deixe nun lugar visible.*

Agora di:

- *Tente memorizalos para non ter que apuntalos. En todo caso, se considera preciso anotalos, gárdeos nun lugar seguro e non os deixe nun lugar visible.*

Así mesmo, engádense ao final do epígrafe o seguintes novos contidos:

Confidencialidade

- *Todas as persoas usuarias dos recursos da Universidade de Vigo que en virtude da súa actividade profesional ou doutro tipo de relación, teñan acceso a información relativa a datos de carácter persoal están suxeitos ao deber de segredo conforme ás leis da función pública así como o cumprimento do principio de confidencialidade establecido pola normativa de protección de datos. Esta obriga manterase de forma indefinida, incluso máis aló da súa relación coa Universidade de Vigo.*

Concienciación

- *Todo o persoal da Universidade de Vigo ten a obriga de coñecer e cumprir coas políticas da Universidade de Vigo relativas á protección de datos de carácter persoal e seguridade da información e as normas que delas deriven.*

Outras medidas

- *Non altere a configuración do equipo para evitar a instalación de aplicacións non autorizadas.*

-
- *Use adecuadamente os dispositivos de almacenamento extraíble. Recoméndase limitar o seu uso ou utilizar repositorios comúns para evitar a perda de información.*

6. Anexo IV. Contrato de encargado de tratamento de datos persoais

Elimínase a referencia a unha concreta resolución de delegación de competencias de modo que se eviten sucesivas modificacións do modelo pola simple substitución desta.

Onde di:

Por Delegación (RR 21/06/2018 – DOG 28/06/2018)

Modifícase por:

Por delegación (RR – DOG)

Así mesmo, engádese o texto traducido ao castelán.

7. Anexo VI. Cláusula para convenios con países declarados de nivel adecuado pola Comisión Europea

O 17 de xullo de 2020, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea invalidou a Decisión (UE) 2016/1250 da Comisión, de 12 de xullo de 2016, aplicable ás entidades certificadas no marco do Escudo de Privacidade UE-Estados Unidos. Polo tanto, este anexo modifícase para que os EEUU xa non figuren entre a relación de países declarados de nivel adecuado.

Así, onde di:

[1] Os destinatarios declarados adecuados pola Comisión Europea ata a data son os seguintes países: Suíza, Canadá, Arxentina, Guernsey, Illa de Man, Xersei, Illas Feroe, Andorra, Israel, Uruguai, Nova Zelandia, Estados Unidos e Xapón.

Agora di:

[1] Os destinatarios declarados adecuados pola Comisión Europea ata a data son os seguintes países: Suíza, Canadá, Arxentina, Guernsey, Illa de Man, Xersei, Illas Feroe, Andorra, Israel, Uruguai, Nova Zelandia e Xapón.

En consecuencia, aos EEUU pasaráselles a aplicar o Anexo VII relativo a convenios con países non pertencentes á UE e non declarados adecuados; e as transferencias de datos persoais con este país requirirán previamente por escrito o modelo do consentimento explícito indicado nese Anexo VII.

A Xerente
Raquel María Souto García

O Secretario Xeral
Miguel Ángel Michinel Álvarez